



REGISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
 REGISTRO DO EDIFICIO ADMINISTRATIVO DE PONTEVEDRA
 PONTEVEDRA

SAÍDA 104298 / RX 1229385

Data 17/09/2015 10:23:42



Concello de Bueu
 Rúa Eduardo Vicentini 8
 36930 Bueu

ILMO. CONCELLO DE BUEU	
REGISTRO XERAL	
Data	22 SET. 2015
ENTRADA	SAÍDA
Núm	7970

Exp.: 647/14
 Promotor: Concello de Bueu
 Asunto: rexeneración do contorno de Ermelo (Fase I)
 Documentación: Fase I do proxecto de rexeneración do contorno da igrexa de Ermelo redactada polo aparelador Alfredo de la Campa Fervenza con data maio de 2015, sen visar
 Situación: Ermelo (Bueu)

ANTECEDENTES

- O Concello de Bueu promove o expediente de rexeneración do contorno de Ermelo (Fase I) no concello de Bueu.
- Trátase dunha actuación no contorno da igrexa de Ermelo, ben catalogado no planeamento municipal do concello e, por tanto, segundo o establecido na disposición adicional segunda da Lei 8/1995, do patrimonio cultural de Galicia, forma parte do inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia. En consecuencia, de acordo co art. 54 da devandita lei, precisa da previa autorización da Consellería de Cultura.
- Con data 4 de setembro de 2015 emítese informe técnico pola arquitecto do Servizo de Patrimonio Cultural en Pontevedra:
"Solicítase informe sobre a Fase I do proxecto de rexeneración do entorno da igrexa de Ermelo, elemento recollido no Anexo 3 das NNSSPP, polo que forma parte do Inventario Xeral do Patrimonio Cultural de Galicia e se require autorización previa da Consellería de Cultura Educación e Ordenación Universitaria das obras que o afecten.
Antecedentes
Expte. 57/10: A Comisión Territorial de Patrimonio Histórico de Pontevedra, na súa sesión do día 16.03.2010 acordou: "Deberá presentarse unha nova proposta que contribúa á posta en valor do elemento protexido, eliminando do contorno da capela tódolos elementos alleos ó núcleo rural. A actuación proposta, xerando unha rotonda no contorno da capela, e consolidando a posición dos contedores, aparcamento de vehículos e marquesiña, considérase unha actuación excesivamente urbana no tocante ó tratamento dos vehículos, posición de bancos, etc. Calquera intervención neste ámbito deberá preservar os muros de mampostería tradicional existentes."
Expte. 647/14: A Comisión Territorial de Patrimonio Histórico de Pontevedra, na súa sesión do día 04.11.2014 acordou: "Acórdase que, para poder autorizar a actuación proposta, deberase remitir proxecto que a desenvolva e que recolla as indicacións de deixar unha franxa de amortecemento entre os novos pavimentos e os muros tradicionais existentes. Neste proxecto estudarase tamén a disposición das tapas de registro das novas instalacións, que deberán integrarse adecuadamente na nova pavimentación.
Deberase prever a realización dun control arqueolóxico dos traballos de movementos de terra que podería incluír algunha cata previa ao avance da obra".
Expte. 498/15: No marco do proxecto de ampliación da rede de sumidoiros de Ermelo, realizouse un control arqueolóxico continuo das obras de ampliación da rede de sumidoiros, do cal se recolle no informe valorativo de data xuño de 2015: "O proxecto de control arqueolóxico constatou a boa conservación do empedrado tradicional en practicamente toda a traza do camiño actual, coa excepción da gabia efectuada polos veciños para a instalación de mangueiras de traída de auga (UE08)ou outra pequen gabia para tubaxes de saneamento (UE13). Este empedrado está conformado por pedras, xeralmente de reducido tamaño, nunha disposición irregular aínda que nalgún punto identificouse algunha lousa de maior tamaño, de forma moi esporádica.... trátase dun empedrado de mediados do século XX.
Na zona do trazado pegada ó muro do adro, a gabia non chegou ó substrato natural, constatándose ali tamén un empedrado e maior potencia estratigráfica ca no resto da traza. As pedras do empedrado retiradas foron apartadas par a o seu posterior emprego na franxa de amortecemento entre os muros tradicionais e o novo pavimento proxectado".
Consideracións e conclusións
O proxecto pretende a revalorización do entorno da igrexa, auténtico corazón do núcleo histórico tradicional de Ermelo, incluíndo o camino que da á fonte.



Nesta Fase I do proxecto contéplase a pavimentación continua de todo o espazo público do entorno da igrexa con lastro de granito país de 20x10 cm na parte peonil, combinado con lastro de granito gris de 20x10 cm no espazo central de acceso e unhas franxas de lousas de granito país de 60x40 cm de separación cos distintos tipos de pavimentos.

Sinálase na memoria que se está a indagar na suposta presenza dun antigo camiño enlousado a cota inferior ó asfalto e que despois de recibir o informe valorativo das catas previas e tras comprobar a existencia do enlousado de cachotería irregular, ópatse por utilizar este enlousado para a franxa de amortecemento entre os novos pavimentos e os muros tradicionais existentes que rodean o adro da igrexa.

Deixarase unha franxa de amortecemento duns 30 cm pavimentada con terra vexetal na fronte dos resto dos muros tradicionais existentes no entorno.

As tapas de rexistro que se van a empregar son cadradas, de aceiro galvanizado e reenchibles con lastro das mesmas características que o do pavimento, para que queden debidamente integradas na nova pavimentación.

Como se sinala no apartado de antecedentes, con posterioridade á redacción deste proxecto da Fase I, realizouse no marco doutra obra de ampliación da rede de sumidoiros de Ermelos, un control arqueolóxico no que se constatou a existencia e boa conservación do empedrado tradicional en practicamente toda a traza do camiño actual, coa excepción da gabia efectuada polos veciños para a instalación de mangueiras de traída de auga ou outra pequena gabia para tubaxes de saneamento, así como na traza pegada ó muro do adro.

O proxecto da Fase I da resposta ós requirimentos feitos no acordo da Comisión do ano 2014, sen embargo a xuízo desta técnico e á vista da cantidade de enlousado tradicional que se conserva, sobre todo no tramo do camiño estreito que desemboca na igrexa e dado o bo estado de conservación do mesmo, segundo se constata no informe valorativo do control arqueolóxico da obra de sumidoiros, de dat aposterior a este proxecto, parece mais axeitado a recuperación e conservación deste enlousado tradicional, que imprime un carácter a este entorno tradicional e a adaptación do novo pavimento nas zonas de encontro con este enlousado e ás zonas onde este non se conserve.

Tendo en conta o antedito, deixase a criterio da Comisión a valoración da idoneidade da actuación proposta e as indicacións feitas ó respecto no parágrafo anterior.

O presente informe, ten carácter exclusivamente técnico e redáctase de forma independente a expensas de calquera outro mellor fundamentado e sen prexuízo do que se formule en calquera outro informe ou requisito que se considere necesario para ó axuste á legalidade vixente da actuación pretendida”.

- 4 A Comisión Territorial do Patrimonio Histórico de Pontevedra, na súa sesión do 8 de setembro de 2015, emite informe-proposta no que considera que se pode informar favorablemente sobre o proxecto de rexeneración do contorno da igrexa de Ermelo (Fase I), coa condición de recuperar e conservar o enlousado tradicional nos tramos nos que resulte factible, xa que imprime un carácter a este contorno tradicional, e a adaptación do novo pavimento nas zonas de encontro con este enlousado e ás zonas onde este non se conserve. A tal efecto, condiciónase as seguintes fases:
- Retirada da capa de pavimento existente para deixar ao descuberto a trama de enlousado tradicional soterrado e avaliar o replanteo do proxecto cara a súa recuperación e conservación en superficie, complementándose co novo pavimento e redefiníndose a adaptación deste nas zonas de encontro, achegándose a correspondente proposta as servizos técnicos do Servizo de Patrimonio Cultural cara a súa supervisión.
 - Continuación dos traballos que seguen á retirada da capa de pavimento existente (indicada no anterior parágrafo) que se supeditan na súa autorización definitiva á emisión do correspondente informe favorable da supervisión polos servizos técnicos de Patrimonio Cultural, no que atinxe ás materias da súa competencia. Polo tanto, a continuidade das obras desta fase non poderá efectuarse ata que se cumprimente a autorización indicada.

A obra non poderá comezar ata que non se autorice o proxecto de control arqueolóxico presentado.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

- 1 É de aplicación na tramitación e resolución do presente expediente o recollido nas seguintes disposicións normativas:
- Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999.
 - Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia.
 - Decreto 39/2007, do 8 de marzo, polo que se regula a composición e funcionamento das comisións territoriais do Patrimonio Histórico Galego, modificado polo Decreto 103/2010, do 17 de xuño.
 - Decreto 227/2012, do 2 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Xunta de Galicia (DOG nº 230 do 3 de decembro).
 - Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (DOG nº 13 do 18 de xaneiro).
 - As demais normas de aplicación, nomeadamente a lexislación vixente sobre o réxime do solo e ordenación urbana (Lei 9/2002) en relación coa protección e a conservación do patrimonio cultural.



- 2 Resolución do 3 de febreiro de 2012 pola que se delega nos titulares dos servizos de coordinación da área cultural das xefaturas territoriais da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria o exercicio de determinadas competencias (DOG nº 36 do 21 de febreiro).
- 3 De acordo co artigo 54 da Lei 8/1995 e cos artigos 30 e 18 das NNSSPP da provincia de Pontevedra de data 3 de abril de 1991, calquera intervención que se pretenda realizar no contorno dun ben inventariado deberá ser autorizada pola Consellería competente en materia de protección do Patrimonio, previamente á concesión da licenza municipal.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio da competencia que me atribúe o Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e conforme ao disposto na resolución de 3 de febreiro de 2012 da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural pola que se delega nos xefes dos servizos de coordinación da área cultural das xefaturas territoriais da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria o exercicio de determinadas competencias, e á vista do informado polos servizos técnicos do departamento territorial, de acordo coa Comisión territorial do Patrimonio Histórico,

RESOLVO

Autorizar o proxecto de rexeneración do contorno da igrexa de Ermelo (Fase 1), coa condición de recuperar e conservar o enlousado tradicional nos tramos nos que resulte factible, xa que imprime un carácter a este contorno tradicional, e a adaptación do novo pavimento nas zonas de encontro con este enlousado e ás zonas onde este non se conserve. A tal efecto, condiciónase as seguintes fases:

- Retirada da capa de pavimento existente para deixar ao descuberto a trama de enlousado tradicional soterrado e avaliar o replanteo do proxecto cara a súa recuperación e conservación en superficie, complementándose co novo pavimento e redefiníndose a adaptación deste nas zonas de encontro, achegándose a correspondente proposta as servizos técnicos do Servizo de Patrimonio Cultural cara a súa supervisión.
- Continuación dos traballos que seguen á retirada da capa de pavimento existente (indicada no anterior parágrafo) que se supeditan na súa autorización definitiva á emisión do correspondente informe favorable da supervisión polos servizos técnicos de Patrimonio Cultural, no que atinxe ás materias da súa competencia. Polo tanto, a continuidade das obras desta fase non poderá efectuarse ata que se cumprimente a autorización indicada.

A obra non poderá comezar ata que non se autorice o proxecto de control arqueolóxico presentado.

Esta autorización non exime das autorizacións sectoriais oportunas e do cumprimento da normativa urbanística vixente.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada ante o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa recepción, de acordo co artigo 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999.

Mediante este documento notificase ao Concello de Bueu esta resolución segundo o esixido no artigo 58.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999.

Pontevedra, 16 de setembro de 2015

A directora xeral de Patrimonio Cultural
p.d.: Resolución do 03-02-2012
O xefe de servizo de Coordinación da Área Cultural

José Manuel González González

